





RÍO DA CENZA

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2025




Distancia: variable
Dificultade: baixa



Unha ruta de interese paisaxístico, xeolóxico e ambiental que nos permite achegarnos a coñecer unha das fervezas máis altas de Galiza, a Cenza de Castiñeiras que, en varios saltos, cae máis de cen metros; percorrer un val glaciar, aínda que nunha grande parte se atopa anegado polo encoro, cos seus elementos característicos: o fondo chan con zonas húmidas nas que se desenvolven turbeiras, arredor das que se atopan grandes bloques de pedra marcados pola erosión do xeo, e os depósitos típicos do traballo glaciar, as moreas; e gozar dun espazo de montaña no Macizo Central, aos pés do Sistil Branco, do que escoan as augas que forman o río, e da Cabeza de Manzaneda, entre os que se acolle o circo glaciar da Corga do Cabalo de onde arrancou a masa de xeo que formou o val.

Un espazo ao que podemos facer so un achegamento, indo en coche aos tres puntos de maior interese, ou ampliálo como unha ruta con camiñadas máis ou menos longas ou curtos paseos




PERCORRIDO

Saíndo de Vilariño de Conso en pouco máis de 1,5 km chegamos á canteira, ao pé da que se atopa a parte alta da ferverza, os desvíos aos miradoiros e un curto tramo do curso do río encaixado entre pedras moi gastadas no que hai outra pequena ferverza. Para ter unha visión do conxunto, das dimensións e da altura do salto, que sempre ten pouco caudal porque a parte máis importante do mesmo queda retido no encoro, temos que seguir un pouco adiante pola estrada que pasa ao outro lado do val até situarnos enfronte do cadoiro. Tamén se pode acceder á parte baixa da ferverza desde Vilariño, por un camiño que remonta o curso do río (uns 3 km ida e volta).


Despois de vista a ferverza seguimos viaxe, primeiro cara a Castiñeiras, que está a 2 km de onde nos atopamos, e sen entrar no lugar continuamos até un desvío á esquerda que nos leva ao encoro, do que nos separan uns 7 km. Na contorna do encoro é onde temos máis posibilidades de camiñar porque podemos percorrelo todo arredor, uns 13 km por camiño case chan, gozando dos elementos da contorna e da proximidade da auga e, desde o seu tramo final, achegarnos a ver máis de preto as paredes que rodean o circo da Corga do Cabalo onde se xuntan as primeiras augas do río Conselo ou da Cenza; e tamén podemos achegarnos a Chagoazoso (5 km ida e volta) para ver de preto e camiñar entre os bloques de pedra amoreados polo xeo en tempos pasados. Moi preto do encoro, a uns 300 m, de onde comeza o camiño para ir a Chagoazoso atópase, á dereita, entre o camiño e o río, o foxo do lobo de Chagoazoso unha curiosa construción na que converxen no pozo catro valados, o que permitía acurrallar aos lobos vindo desde calquera dirección.



Río da Cenza augas arriba da ferverza



Vista xeral da ferverza, desde o arranque até a Poza da Moura



Parte alta da Cenza cos saltos principais



Vista do encoro co circo glaciario e Cabeza de Manzaneda ao fondo.



Vista parcial da moreira de Chagoazoso coa localidade ao fondo



Vista parcial da morea de Chagoazoso



Un dos moitos bloques que amosan as pegadas do traballo do xeo